OURENSE

JUAN JOSÉ GÓMEZ

Presidente do Colexio Oficial de Veterinarios de Ourense

"NON É VIABLE QUE NA SOCIEDADE ACTUAL OS CANS NON PASEN UNHA MÍNIMA REVISIÓN ANUAL"

MARTA SALGADO. OURENSE
local@laregion.net

PERFIL

Nome
Juan José Gómez Fernández

Cargo
Presidente do Colexio Oficial de Veterinarios de Ourense

■■■ Con preto de 300 inscritos, o Colexio de Veterinarios de Ourense manifesta o seu "mais profundo rexeitamento" a casos de maltrato animal como o que sufriu Balú, o can que foi golpeado cun cincel polo seu dono a principios de setembro. Así o confirmou o seu presidente, Juan José Gómez. "Neste caso en concreto non sei o que puido pasar pero en xeral detrás destas situacións sempre hai unha falta de información e de cultura cara os animais e aí si que temos que incidir. Dende o Colexio ofrecémonos a botar unha man a través das institucións ou de quen reclame a nosa axuda porque o que non se pode permitir é que cás posibilidades que hai hoxe en día, un caso tan tráxico dun ser vivo que xamais faría eso có seu dono".

Que medidas se deberían tomar contra o abandono animal?
Por un lado, a principal sería a castración dos animais, unha medida que está funcionando noutros sitios e que ten que ser practicada por un veterinario nun lugar legalmente capacitado para elo. E, sobre todo, moita concienciación a poboación do que supón ter un animal. En Galicia temos unha profesión veterinaria moi calificada e que nos momentos duros que pasamos, demostrou unha gran profesionalidade dando moita seguridade en casos como o da crise da encefalopatía. Esta profesión pode participar activamente en campañas de información e sensibilización e incluso o Colexio de Veterinarios non tería ningún inconveniente en apoialas.

Que mensaxe lle lanzaría a aquelas persoas que están plantexándose ter un animal?
É importante que antes que unha persona proceda a tenza dunha mascota, se asesore cun veterinario. En Ourense e en Galicia en xeral, existen moitas clínicas cun altísimo nivel e tódolos veterinarios pódenlle aconsellar cal é a mellor mascota segundo as circunstancias personais de cada un xa que non é o mesmo vivir nun piso que nunha vivenda unifamiliar. Para min, a adopción é unha opción fenomenal e invito a todo o mundo a que vaia a estos centros de acollida e das múltiples posibilidades, saquen un animal que lle vai satisfacer igualmente tódalas necesidades

A subida do IVE do oito ao 21%...
Non estamos dacordo e a postura é unanime en toda a profesión veterinaria a nivel nacional. Xa se enviaron escritos ao máis alto nivel dende o Consello Xeral do Colexio de Veterinarios a través do noso presidente, Juan José Badiola reclamando que nós somos profesionais da saúde. Hai que pensar que hoxe en día a maior parte das infeccións que están aparecendo na poboación humana veñen derivadas do contacto directo ou indirecto con animais. Estou a falar da zoonosis. Se a a combatimos no que a xenera, imos estar axudando a que a medicina humana teña menos casuística deste tipo de infeccións. Recalco, somos profesionais da saúde e non podemos estar dacordo con ese IVE do 21%.

MARTIÑO PINAL

Juan José Gómez Fernández.

AS FRASES

✔ "Para min, a adopción é unha opción fenomenal "

✔ "Somos profesionais da saúde e non estamos dacordo con ese IVE do 21%".

✔ "Recomendo que os que teñan un animal susceptible de padecer a rabia, o vacunen"

✔ "Estamos preocupados porque na provincia a gandería descendeu considerablemente"

Tivo repercusión nos ourensáns á hora de levar as súas mascotas ao veterinario?
Por suposto. A visita ó veterinario viuse resentida por moito factores como esta subida xa que non é o mesmo pagar un oito por cento de IVE que un 21 pero a xente non se da de conta que unha mascota ten que estar controlada. Non é viable na sociedade actual os cans non pasen unha mínima revisión anual ou un control parasitario. É importantísmo que leven unha pauta vacinal correcta.

Falando de vacinas, cal é a súa postura respeto á vacinación antirrábica?
A rabia en Galizia non é unha enfermidade na que sexa obrigatoria a súa vacinación. A postura oficial de toda a profesión a nivel nacional é que a vacina debe ser obrigatoria por moitas razóns. Primeiro, porque a globalización trouxo moitas cousas positivas pero tamén mascotas sen control. En Galicia temos portos que poden traer animais que transmitan a enfermidade, xa non é só a enfermidade no seu estado salvaxe senón incluso animais portadores. Por iso, recomendo a tódolos que teñan un animal potencialmente susceptible de padecer a rabia, que o vacinen. Dentro da súa pauta vacinal, teño constancia de que moita xente non os vacina a pesar de que xa deron casos como o episodio de Toledo ou un falso positivo fai pouco na nosa Comunidade.

Xa centrándonos no seu sector, cando foi elexido no 2011 afirmou que unha das súas preocupacións era o conflicto laboral que os funcionarios mantiñan cá Xunta. Como está isto agora?
Estamos francamente satisfeitos se se confirma a convocatoria de oposicións por parte do Goberno autónomo, que anunciou preto de 60 plazas. Non deixa de ser un recoñecemento por parte da administración ao traballo que facemos diariamente en moito frentes.

Cal é a tasa de paro?
Actualmente, está entre o 10 e o 15% mentres que no 2000 tiñamos un paro residual, que eran situacións moi concretas e localizadas. Estamos moi preocupados porque estamos nunha provincia na que a gandería desendeu considerablemente. ■

Piden tres años de prisión para un camarero por una pelea

REDACCIÓN. OURENSE
local@laregion.net

■■■ La Fiscalía solicita tres años de prisión para Antonio J. G, un hombre de 43 años que en septiembre de 2013, cuando trabajaba como camarero en el Club Francés de Verín, golpeó a un cliente "provocándole policontusiones" por las que debió recibir 3 puntos de sutura. La acusación considera los hechos constitutivos de un delito de agresiones y reclama además una indemnización de 240 euros por los días que el hombre estuvo de baja y 600 euros por las secuelas, además de 520 euros a pagar al Sergas por los gastos de asistencia sanitaria. La Fiscalía retiró la petición de multa al cliente, que agredió a otro de los camareros del local durante la refriega. ■

Rebajan la pena a un toxicómano que intentó robar en un bazar

REDACCIÓN. OURENSE
local@laregion.net

■■■ El juicio contra Juan J.J., acusado de robo con violencia en grado de tentativa en noviembre de 2012, quedó ayer visto para sentencia después de que se hubiera suspendió hace año y medio por incomparecencia del acusado. La Fiscalía rebajó su petición inicial de dos años y medio de prisión a 7 meses y 15 días, después de considerar como atenuante la toxicomanía del acusado, que entró a robar a un bazar chino, se hizo con tres relojes que guardó en el bolsillo, pero fue retenido por el propietario -al que llegó a herir en una mano con un cúter- hasta que llegó la Policía. ■